

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 21 DE NOVIEMBRE DE 2022

ASISTENTES

Presidente

Prada Rodríguez, Julio.

Vicedecano e Coordinador de calidade

Presedo Garazo, Antonio.

Vicedecana e Representante da Administradora

Arribas Álvarez, Carmen.

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

PDI

Campos Álvarez, Xosé Ramón
Comendador Rey, Beatriz

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

DESCULPAN AUSENCIA

Enlace de igualdade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (delega en decano)

Susana Reboreda Morillo

PDI

Yolanda Barriocanal López

A comisión realízase de xeito presencial na sala de Profesores e, á vez, de xeito telemático a través do Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o luns 21 de novembro de 2022, ás 10.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022.
2. Informe do presidente.
3. Validación, se procede, dos rexistros dos seguintes procedementos:
 - a. R1 MC05 P1. Informe de resultados de satisfacción propios do centro/titulación (curso 2021/2022)
 - b. R3-DO0201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro (curso 2021/2022)
 - c. R2-DO202 P1. Promoción das titulacións
 - d. R2-DO203 P1. Informe final de avaliación do PAT-ANEAE
4. Validación, se procede, da comisión encargada da elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia para o período 2022-2026.
5. Asuntos de urxencia.
6. Rolda de intervencións

O presidente e decano, Julio Prada Rodríguez, dá lectura aos nomes dos membros da Comisión de Calidade que asisten e dos que desculpan a súa ausencia á sesión e que se relacionan á marxe desta acta.

1.-Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de abril de 2022.

Apróbase a Acta por asentimento.

2.-Informe do presidente.

O presidente dá conta dos resultados da matrícula, que foron analizados nunha xuntanza con Iván Areas, delegado do reitor na CIUG. Considera que os números son moi bos, finalmente foron 47 matrículas no grao e 8 no PCEO. Ofertáronse 40 prazas, que se cubriron en xa primeira convocatoria. Aínda que en aparencia son números moi positivos, agochan debilidades que confirman os datos obtidos na enquisa inicial do PAT: captamos pouco alumnado da provincia de Ourense (25%), de Pontevedra temos un terzo do alumnado, unha cifra similar de A Coruña (31%) e moito menor de Lugo. Esta distribución provincial é coherente co máis preocupante que amosan os datos cando se lle pregunta ao alumnado pola razón máis determinante para cursar o grao: de 37 respostas, practicamente un terzo respondeu que non entrou noutra universidade ou titulación, mentres que un 43% xustifica a elección porque era un grao xeralista. Estes datos acrecentan a ameaza que supón para a Facultade a reforma dos tres títulos na Universidade de Santiago e a posibilidade de que poidan aumentar o número de prazas asignadas.

A continuación o presidente comenta as accións realizadas:

- Destaca o compromiso do Presidente da Deputación e do Reitor da Universidade de Vigo de estender ao grao de Xeografía e Historia o programa de bolsas de Turismo cando se considere necesario. Incide en que, en calquera caso, na súa opinión, isto non pode resolver os problemas estruturais, como xa se demostrou no caso de Turismo.
- Realizouse o Acto de Benvida ao estudantado de nova matrícula, con unha participación moi elevada: practicamente 40 alumnos e alumnas. Xa se incorporaron as modificacións na ficha inicial do anexo II.
- En materia de captación de alumnado, ata o de agora séguese coas as liñas mestras do plano de difusión, elaborado por equipos anteriores, coa celebración de varios talleres a cargo de Begoña Garrido de Xeitura; a campaña de difusión de "Fai Historia con Nós". Tamén se recuperou a presenza na feira de EDUGAL, con moito interese por un bo número de asistentes, aínda que se manifesta escéptico en canto aos resultados tanxibles: as enquisas iniciais xa comentadas sinalan que só un 4,44% coñeceu o grao a través dunha visita ou taller no seu centro, mentes que un 18% sinala que o coñeceu por internet, mentres que o resto o coñeceu

buscando información na páxina web e na facultade ou ben que foron aconsellados polo seu profesorado. Dentro do plano de difusión tamén se celebraron as Xornadas de Patrimonio o 7 de outubro en Santo Estevo, con importante repercusión mediática. Celebráronse a Xornadas Revisitando a Transición e a segunda fase das Xornadas innovación docente, co obxecto de que estas actividades puideran ser sufragadas con cargo ao convenio coa Deputación. Con cargo ás axudas do Consello Social, celebráronse as Xornadas orientación profesional o 4 de novembro, este ano tamén a través de formato on-line (con un número de visualizacións elevado: 235 reproducións dos vídeos na canle de Youtube ao día de hoxe, aínda que contrasta moito este número de visualizacións co número de matriculados). Finalmente, en relación coas actividades extraacadémicas, con cargo á convocatoria específica de difusión cultural, o 18 novembro celebráronse as Xornadas sobre Historia e Infancia na facultade.

Comenta o presidente que neste curso vaise a proceder á renovación da certificación do Sistema de Garantía Interno de Calidade, que acadáramos en xullo de 2017. A previsión da Área de Calidade é que a visita da comisión encargada da renovación por parte da ACSUG se leve a cabo no mes de abril. Para a Facultade é moi importante superar esta acreditación, xa que de ser así poderemos optar á acreditación institucional da Universidade de Vigo, o cal implicaría non ter que volver a pasar a acreditación do Grao por parte da ACSUG en 2025. Sinala que, como parte de todos estes procesos, tamén tocará a elaboración do Programa Desenvolvemento Estratéxico da Facultade, de acordo coas directrices marco da Universidade.

O presidente cede a palabra ao prof. Antonio Presedo Garazo, quen incide sobre a importancia de conseguir a renovación da acreditación do Sistema de Garantía Interno de Calidade. Importante porque é beneficioso no que atinxe á calidade, pero tamén no tocante á titulación de Grao, xa que implica que a Universidade renove o selo institucional, serviría para evitar ter que pasar a acreditación da titulación pola ACSUG.

3. Validación, se procede, dos rexistros dos seguintes procedementos:

O prof. Antonio Presedo Garazo comenta os catro procedementos que se someten a validación e relativos ao curso 2021/22.

- a) R1 MC05 P1. Informe de resultados de satisfacción propios do centro/titulación (curso 2021/2022).

Este informe que substitúe ao antigo PAESU inclúe procedementos que anteriormente formaban parte de aquel: as reunións que periodicamente mantén o decano cos/as delegados/as como con parte do alumnado, tanto do Grao como do PCEO.

Unha novidade que afecta á “satisfacción” dos membros da comunidade do Centro é a consulta ao alumnado comentada polo decano no seu informe, co obxecto de mellorar o Anexo II do Plan de Acción Titorial e que se aplica por vez primeira no curso actual 2022/23.

- b) R3-DO0201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro

(curso 2021/2022)

Informes elaborados polos profs. Beatriz Vaquero Díaz (Grao en Historia) e Fermín Pérez Losada (Máster Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural). No caso do Máster interunivesitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, non se realiza especificamente este informe, senón que se incorpora ao informe de revisión interna, que xa foi incluído no Informe de Revisión pola Dirección das titulacións do Centro.

c) R2-DO202 P1. Promoción das titulación

Consiste nun Informe de seguimento de todas as actividades realizadas no curso 2021/22. Lembra que para o actual curso 2022/23, xa se validou o correspondente Plan de Promoción en Comisión de Calidade e foi aprobado posteriormente en Xunta de Facultade en xullo de 2022.

d) R2-DO203 P1. Informe final de avaliación do PAT-ANEAE.

Por vez primeira neste curso inclúe as actividades e as accións realizadas co Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ANEAE). Foi redactado polo coordinador do PAT (prof. Julio Prada Rodríguez), o responsable do Centro para o alumnado PIUNE (prof. Domingo Rodríguez Teijeiro) e o responsable do PAT no Master en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (prof. Adolfo Fernández Fernández). Non se realiza este informe no Máster interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.

Con estes procedementos quedaría practicamente finalizada a axenda de programas de Calidade do Centro e das súas titulacións do curso 2021/22.

Os catro procedementos, xunto cos seus correspondentes informes, son validados por asentimento.

4. Validación, se procede, da comisión encargada da elaboración do Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Historia para o período 2022-2026.

Comenta o presidente a necesidade de constituír unha comisión encargada de elaborar este plano estratéxico, sinalando que na documentación desta reunión inclúese unha proposta:

Decano: Julio Prada Rodríguez

Coordinador de Calidade: Antonio Presedo Garazo

Colaboradora de Calidade: María López Díaz

Coordinadores/as das titulacións do Centro: Beatriz Vaquero Díaz (Grao en Xeografía e Historia), Fermín E. Pérez Losada (Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural) e Susana Reboreda Morillo (Máster Interuniversitario en Arqueoloxía Ciencias da Antigüidade)

Representante do PAS: Josefa Rodríguez Bouzas

Representante da Administradora do Campus (por delegación): Carmen Arribas Álvarez

Representante do alumnado: Lucía Domínguez Carrera

Representante da sociedade: Rosa M.^a Díaz Naya

O decano agradece a todos e todas a súa participación nesta comisión.

O prof. Antonio Presedo Garazo sinala que este programa debe ser elaborado en consonancia co Plano Estratéxico da Universidade de Vigo aprobado o curso pasado (vixente entre 2021-2026), que consta dunha serie de obxectivos agrupados en torno a tres grandes áreas: organización académica, investigación e transferencia, infraestruturas e relación da institución co entorno e sostenibilidade. O noso Centro xa conta con un Plano de actuacións estratéxicas, que estivera vixente no trienio 2019-2021, e que foi actualizado en marzo 2021. Agora trátase de ir un paso máis adiante e elaborar un Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade acorde co plano da propia universidade. Ten que estar aprobado no mes de xullo de 2023. Para a súa elaboración ten que actuar unha comisión específica, na que teñen que estar presentes todos os sectores que integran a comunidade do Centro; na proposta de comisión cúmprese este requisito. A metodoloxía de traballo na que se ten pensado será semellante á empregada no Informe de Revisión pola Dirección: desde Calidade e Decanato elaborárase, con suficiente tempo de antelación, un primeiro borrador que se fará chegar aos membros da comisión para que estes realicen as súas achegas que consideren pertinentes. Considera que é moi importante o apartado de análise obxectiva do Centro e serán moi importantes todas as visións e achegas nese sentido. Así mesmo, reitera que todas as liñas estratéxicas incluídas no Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade deben axeitarse aos obxectivos estratéxicos institucionais.

A composición da comisión apróbase por asentimento.

5. Asuntos de urxencia.

Non constan.

6. Rolda de intervencións.

A prof. Beatriz Comendador dá as grazas polo traballo realizado.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10.30 horas do día 21 de novembro de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do decano.



O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro